



CIRCULAR 06-2024. **CONTROL FGA A.L. – 13/01/2024**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 13 de xaneiro de 2023 nas pistas de atletismo de Balaídos (Vigo).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do martes 9 de xaneiro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Provisionalmente, en lanzamentos e saltos horizontais, os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

Art.6).- Horario Provisional

CONTROL FGA - 13/01/2024				
Hora	Carreiras		Lonxitude	Martelo Pesado
10:00	500	Sub 10-12-14 Homes	Abs Homes B	
10:30	500	Sub 10-12-14 Mulleres		
11:00	1500	Abs Homes	Abs Mulleres B	
11:15	1500	Abs Mulleres		
11:30	1000	Sub 16 Homes		
11:45	1000	Sub 16 Mulleres		H-M Máster
12:00	300	Sub 16 Homes		
12:15	300	Sub 16 Mulleres		
12:30	400	Abs Homes	Abs Mulleres A	
12:45	400	Abs Mulleres		
13:00	3000	Abs Homes		
13:15	3000	Abs Mulleres	Abs Homes A	



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.8).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 5 de xaneiro de 2024

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo